

Convocatoria de axudas ao estudantado para persoas procedentes de áreas xeográficas en vías de desenvolvemento

ANEXO

A esencia da cooperación universitaria para o desenvolvemento (CUD) é contribuír ao logro do acceso universal a unha educación de calidade, transformadora e ao servizo do desenvolvemento. Nese senso, o obxectivo de desenvolvemento sustentable 4, na súa meta 3, fala de asegurar o acceso igualitario de homes e mulleres a distintos niveis educativos, incluído o ensino universitario. Así, entendemos que as persoas procedentes de países receptores dunha axuda oficial ao desenvolvemento (AOD), con que se quere contribuír a ofrecer unha educación de calidade a futuros e futuras profesionais, e que ademais sexan beneficiarias desta axuda, ao retornar aos seus países de orixe poderán traballar a prol do desenvolvemento sustentable e equitativo de comunidades e persoas desfavorecidas.

Na UDC somos conscientes de que a educación, e dentro dela a educación superior, é un compoñente fundamental do proceso de ampliación de oportunidades e liberdades das persoas e as sociedades. O fortalecemento dos sistemas universitarios e o fomento do acceso aos estudos universitarios constitúe un obxectivo esencial da CUD, tal e como sinala o Código de conduta das universidades en materia de cooperación para o desenvolvemento, ao cal a UDC se adheriu no ano 2007. Por todo isto, a UDC, a través da súa Oficina de Cooperación e Voluntariado (OCV), ofrece a posibilidade de que estudantes provenientes dos países máis empobrecidos (PMA e países cun IDH baixo, teñan a oportunidade para realizar estudos universitarios, como mostra do compromiso solidario que é o seu sinal de identidade.

Neste anexo describiranse os **itinerarios B** (axudas ao estudantado procedente de países receptores dunha AOD, Facilita UDC) e **C** (axudas económicas). O itinerario A corresponde á Convocatoria de axudas a estudantado refuxiado ou solicitante de protección internacional da UDC (Abriga UDC), que foi publicada na Sede Electrónica o día 24/02/2023.

BASES

ITINERARIO B: AXUDAS A ESTUDANTADO PROCEDENTES DE PAÍSES RECEPTORES DUNHA AXUDA OFICIAL AO DESENVOLVEMENTO (FACILITA UDC)

1. OBXECTIVOS DAS AXUDAS

O obxectivo xeral desta convocatoria é ofrecer axudas de apoio ao estudantado matriculado ou que desexe matricularse na UDC que proveña de países receptores dunha AOD, que precise axudas para a continuidade ou o inicio dos seus estudos e cumpra os requisitos descritos na convocatoria.

2. MODALIDADES DAS AXUDAS

As axudas ofrecidas quedan enmarcadas nas seguintes modalidades (pódese elixir máis dunha opción):

a) Taxas e prezos públicos da matrícula completa ou parcial do curso correspondente na UDC

Non se cubrirán gastos de materias suspendidas salvo casos excepcionais –e nunha soa ocasión– en que a persoa demostre que se atopa nunha situación psicosocial adversa.

b) Taxas e prezos públicos da matrícula en lingua española no Centro de Linguas da UDC

Só para estudantado que non teña dominio do español ou precise dun apoio extra.

c) Taxas de expedición de títulos

d) Atención psicolóxica en colaboración coa Unidade de Investigación en Intervención e Coidado Familiar (UIICF)

A asistencia psicolóxica poderá ser solicitada en calquera momento do curso polo grupo do estudiantado beneficiario da axuda. Asignarase unha vez os/as profesionais da UIICF realicen a valoración correspondente.

e) Aloxamento nas residencias universitarias, no caso de non ter cubertas estas necesidades por outros medios (outorgarase en función da dispoñibilidade orzamentaria)

3. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

Esta convocatoria resulta de aplicación a estudiantado estranxeiro de fóra da Unión Europea, cos requisitos académicos necesarios para cursar un grao, un posgrao ou un doutoramento e que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Provir de países receptores dunha AOD. Daráselles prioridade ás persoas que procedan de países cun IDH baixo.
- b) Estar avaladas por algunha das entidades con que a UDC ten convenio para a realización das accións recollidas nesta convocatoria.
- c) Manifestar o seu interese en se preinscribir ou estar preinscrito/a en estudos oficiais de grao e mestrado en centros propios da UDC ou en centros adscritos á UDC de titularidade pública que imparten titulacións diferentes das dos centros propios.
- d) Non posuír título acreditativo de estudos do mesmo nivel para os que se solicita a axuda en España.

O estudiantado de grao poderá solicitar estas axudas de maneira consecutiva por un máximo de cinco anos, agás no caso daquelas carreiras estruturadas en máis tempo. No caso de facer estudos de mestrado, o período de continuidade das axudas será de ata dous anos (excepcionalmente tres anos, cando o mestrado estea dividido en dous anos), e no caso de efectuar estudos de doutoramento, de ata catro anos.

4. FORMALIZACIÓN DE SOLICITUDES E PRAZOS

Poderán presentarse solicitudes desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria até o 30/04/2024.

As solicitudes, dirixidas á Oficina de Cooperación e Voluntariado (ocv@udc.gal), presentaranse ben a través do Rexistro Electrónico da UDC (https://sede.udc.gal/services/telematic_register) ou ben por calquera dos medios sinalados na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O formulario de solicitude, que aparece como anexo III desta convocatoria, deberá ir acompañado da seguinte documentación:

- a) Fotocopia do permiso de residencia ou documento que acredite a situación regularizada da persoa interesada.
- b) Carta de presentación da súa petición, en que se indique claramente a súa motivación para cursar estudos universitarios.
- c) No caso de que xa se iniciasen na UDC estudos de grao ou mestrado, fotocopia do último expediente académico. No caso de que xa se comezasen na UDC estudos de doutoramento, fotocopia do último informe do director/a de tese.
- d) Informe sobre a situación socioeconómica da persoa solicitante, emitido pola ONG que teña convenio coa UDC para este fin. No caso de non ter unha ONG de referencia, pódese achegar un informe socioeconómico da unidade de traballo social do municipio de residencia.
- e) Currículo con acreditación dos méritos alegados.

f) Calquera outra documentación que a persoa solicitante considere relevante: cartas de recomendación, documentación que poida acreditar a súa situación social e económica etc.

Se a solicitude estivese incompleta ou houberse nela algún erro, requirirase á persoa interesada a través do seu correo electrónico para que, no prazo de dez días naturais, a emende.

5. PROCESO E CRITERIOS DE SELECCIÓN

A selección das candidaturas será levada a cabo por unha Comisión de Selección e Avaliación integrada polos seguintes membros (ou as persoas en que deleguen):

- a) Vicerreitor/a de Internacionalización e Cooperación
- b) Vicerreitor/a de Estudantes, Participación e Empregabilidade
- c) Director/a da Oficina de Cooperación e Voluntariado
- d) Técnico/a da Oficina de Cooperación e Voluntariado

Para a selección das candidaturas e a distribución das axudas, a Comisión de Selección e Avaliación terá en consideración os seguintes criterios:

- a) Información social e económica fornecida pola entidade con que a UDC ten convenio e/ou a unidade de traballo social do municipio de residencia
- b) Expediente académico da persoa solicitante
- c) Carta de presentación e motivación da súa petición
- d) Grao, mestrado ou programa de doutoramento en a persoa solicitante desexa matricularse

A Comisión de Selección e Avaliación guiarase polos valores da UDC no tocante á igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, así como ás persoas con diversidade funcional. De igual maneira, a cumprir cos principios de protección internacional, prestará especial atención aos casos que reflectan unha maior necesidade de acollida.

6. OBRIGAS E SEGUIMENTO

Son obrigas das persoas beneficiarias destas axudas as que a seguir se relacionan:

- a) Matricularse no curso 2023/24 nalgunha titulación oficial de grao, mestrado ou doutoramento da UDC. A obtención do título queda condicionada ao mantemento dos requisitos que permitiron conseguir a axuda.
- b) Facilitar cantas actuacións de comprobación sexan precisas para verificar, de ser o caso, o cumprimento e a efectividade das condicións determinantes da concesión da axuda.
- c) Cumprir as obrigas académicas que derivan da súa matrícula, tales como a asistencia a clase, a realización da totalidade das probas e os exames das materias que curse, e a participación responsable nas demais actividades que complementen a súa formación. No caso de facer estudos de doutoramento, a realización e o cumprimento do plan de traballo acordado con quen sexa o seu titor/a no programa.
- d) Entregar unha memoria sobre a súa experiencia persoal e académica no prazo dunha semana desde que remate o curso.
- e) Comunicar á Comisión de Selección e Avaliación a obtención de calquera outra axuda que perciban, de calquera organismo público ou privado, durante o curso académico 2023/24.

No caso de renuncia ou incumprimento das súas obrigas, as persoas beneficiarias das axudas deberán reintegrar as cantidades xa percibidas, xunto cos xuros de mora que correspondan en cada caso, salvo excepcións autorizadas pola persoa titular da Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación.

7. PERDA DO DEREITO Á AXUDA TOTAL OU PARCIAL

Son causas da perda do dereito a estas axudas as seguintes:

- a) Non cumprir os requisitos e as obrigas recollidos na convocatoria.
- b) Ocultar datos, alteralos ou manipular a información solicitada.
- c) Incurrir nalguna das causas de incompatibilidade establecidas na convocatoria.

8. INCOMPATIBILIDADES

Estas axudas **serán compatibles** con calquera outra axuda ou bolsa de calquera organismo público ou privado, incluídas as propias da UDC.

9. RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DAS AXUDAS

A resolución de concesión das axudas, cuxa publicación terá efectos de notificación, correspóndelle ao/á vicerreitor/a de Internacionalización e Cooperación.

Contra a devandita resolución poderase interpoñer recurso de alzada perante o/a reitor/a no prazo dun mes desde o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, tamén desde o día seguinte ao da súa publicación, ante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e 8 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

10. RENUNCIA

A renuncia voluntaria deberá realizarse mediante un escrito presentado na Sede Electrónica da UDC (<https://sede.udc.gal>) dirixido á Oficina de Cooperación e Voluntariado. As renuncias aceptadas darán lugar á perda dos dereitos e á concesión da axuda á seguinte persoa da listaxe de agarda.

11. TRATAMENTO DOS DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

De acordo co artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos ou RXP), e co artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informamos de que os datos que a persoa interesada facilite mediante a súa concorrencia a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da UDC, cuxos datos de contacto son: rúa da Maestranza 9, 15001 A Coruña, teléfono 981 167 000, correo electrónico: secretariaxeral@udc.gal.

A finalidade do tratamento destes datos é conceder axudas a estudantado refuxiado ou solicitante de protección internacional. Todas as persoas que tiveren acceso a estes datos coa citada finalidade cumprarán o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da LOPD. Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consente expresamente a publicación dos seus datos na resolución correspondente, no taboleiro de anuncios da Oficina de Cooperación e Voluntariado da UDC e nos seguintes enderezos web: www.udc.gal/ocv e <https://sede.udc.gal/>, na forma prevista na disposición adicional 7.ª da LOPD. A resolución desta convocatoria permanecerá publicada 30 días naturais e será responsabilidade do suxeito convocante retirala despois de vencer o prazo.

Os datos mencionados trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa finalidade indicada nesta convocatoria, e conservaranse debidamente bloqueados para os efectos da posible existencia de responsabilidades legais.

A persoa interesada consente o tratamento dos datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, consentimento que terá dereito a retirar en calquera momento, sen

efectos retroactivos. Tamén terá dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, a rectificación ou a supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Igualmente, terá dereito a se opor ao citado tratamento, ben como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos.

Estes dereitos poderaos exercer, destacadamente, a través do formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais que se pode cubrir na Sede Electrónica da UDC, na sección Outros trámites. Tamén pode remitir unha solicitude ao seguinte enderezo postal: Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa da Maestranza 9, 15001 A Coruña, ou ao correo electrónico secretariaxeral@udc.gal, coa referencia «Protección de datos», a través dun escrito asinado para o efecto, a que se lle xuntará a fotocopia do seu documento de identidade. Así mesmo, poderá dirixir esta solicitude directamente á persoa que sexa a delegada de Protección de Datos, ao mesmo enderezo postal antes indicado ou ao correo electrónico dpd@udc.gal. Igualmente, ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

ITINERARIO C: AXUDAS ECONÓMICAS PARA OS ITINERARIOS A (ABRIGA UDC) E B (FACILITA UDC)

1. OBXECTIVO DAS AXUDAS

A UDC convoca as seguintes axudas económicas, para o estudantado matriculado no curso 2023/24, coa finalidade de garantir a igualdade de oportunidades daquelas persoas pertencentes aos colectivos definidos na convocatoria e nos seus anexos.

O importe de cada axuda ascenderá a seiscentos euros (600 €), que se aboarán en tres pagamentos.

A dotación total destas axudas será de tres mil euros (3000,00 €), que se financiarán con cargo á partida orzamentaria 08000806.422D.48001. O dito importe poderá ser incrementado en función da dispoñibilidade orzamentaria.

2. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

- a) Persoas beneficiarias do itinerario A (convocatoria de axudas a estudantado refuxiado ou solicitante de protección internacional da UDC, Abriga UDC)
- b) Persoas beneficiarias do itinerario B (axudas ao estudantado procedente de países receptores dunha AOD)

3. FORMALIZACIÓN DE SOLICITUDES E PRAZOS

As solicitudes, dirixidas á Oficina de Cooperación e Voluntariado (ocv@udc.gal), presentaranse ben a través do Rexistro Electrónico da UDC (https://sede.udc.gal/services/telematic_register) ou ben por calquera dos medios sinalados na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O formulario de solicitude aparece como anexo III desta convocatoria.

Se a solicitude estivese incompleta ou houberse nela algún erro, requirirase á persoa interesada a través do seu correo electrónico para que, no prazo de dez días naturais, a emende.

4. PROCESO E CRITERIOS DE SELECCIÓN

A selección das candidaturas será levada a cabo por unha Comisión de Selección e Avaliación integrada polos seguintes membros (ou as persoas en que deleguen):

- a) Vicerreitor/a de Internacionalización e Cooperación
- b) Vicerreitor/a de Estudantes, Participación e Empregabilidade
- c) Director/a da Oficina de Cooperación e Voluntariado

d) Técnico/a da Oficina de Cooperación e Voluntariado

Para a selección das candidaturas e distribución das axudas, a Comisión de Selección e Avaliación terá en consideración os seguintes criterios:

- Información social e económica fornecida pola entidade con que a UDC ten convenio e/ou a unidade de traballo social do municipio de residencia
- Expediente académico da persoa solicitante
- Carta de presentación e motivación da súa petición
- Grao, mestrado ou programa de doutoramento en que a persoa solicitante desexa matricularse

Daráselles prioridade ás persoas que xa realizasen con anterioridade un curso académico na UDC, con aproveitamento.

A Comisión de Selección e Avaliación guiarase polos valores da UDC no tocante á igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, así como ás persoas con diversidade funcional. De igual maneira, a cumprir cos principios de protección internacional, prestará especial atención aos casos que reflectan unha maior necesidade de acollida.

5. PAGAMENTO

O aboamento da contía da axuda farase da seguinte forma:

- Achegarase o 40 % da cantidade asignada, a que se lle aplicarán, de ser o caso, as retencións correspondentes, no momento da resolución da convocatoria.
- Realizarase un segundo pagamento, do 30 %, unha vez que as persoas beneficiarias presenten os resultados académicos das materias avaliadas no primeiro cuadrimestre. Para recibir o segundo pagamento, deberán aprobar o mínimo de créditos que se reflicte no seguinte cadro:

Rama de coñecemento	Porcentaxe de créditos para superar
Artes e humanidades	90 %
Ciencias sociais e xurídicas	90 %
Ciencias da saúde	80 %
Ciencias	65 %
Ensinanzas técnicas	65 %

- Realizarase un terceiro pagamento, do 30% restante, unha vez que as persoas beneficiarias presenten os resultados académicos das materias avaliadas no segundo cuadrimestre. Para recibir o terceiro pagamento, deberán aprobar o mínimo de créditos que figura na táboa do punto anterior.

O incumprimento total ou parcial do que establece esta convocatoria dará lugar, logo do oportuno expediente de incumprimento, á cancelación da axuda e ao reintegro do percibido. Igualmente, no suposto recollido no punto 3 do artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada, así como a esixencia do xuro de mora que corresponder, salvo en casos excepcionais autorizados pola persoa titular da Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación.

6. OBRIGAS E SEGUIMENTO

Son obrigas das persoas beneficiarias destas axudas as que a seguir se relacionan:

- Matricularse no curso 2023/24 nalgunha titulación oficial de grao, mestrado ou doutoramento da UDC. A obtención do título queda condicionada ao mantemento dos requisitos que permitiron a conseguir axuda.
- Facilitar cantas actuacións de comprobación sexan precisas para verificar, de ser o caso, o cumprimento e a efectividade das condicións determinantes da concesión da axuda.

c) Cumprir as obrigas académicas que derivan da súa matrícula, tales como a asistencia a clase, a realización da totalidade das probas e os exames das materias que curse, e a participación responsable nas demais actividades que complementen a súa formación. No caso de facer estudos de doutoramento, a realización e o cumprimento do plan de traballo acordado con quen sexa o seu titor/a no programa.

d) Entregar unha memoria sobre a súa experiencia persoal e académica no prazo dunha semana desde que remate o curso.

No caso de renuncia ou incumprimento das súas obrigas, as persoas beneficiarias das axudas deberán reintegrar as cantidades xa percibidas, xunto cos xuros de mora que correspondan en cada caso, salvo excepcións autorizadas pola persoa titular da Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación.

7. PERDA DO DEREITO Á AXUDA TOTAL OU PARCIAL

Son causas de perda do dereito a estas axudas as seguintes:

- Non cumprir os requisitos e as obrigas recollidos na convocatoria.
- Ocultar datos, alteralos ou manipular a información solicitada.
- Incorrer nalguna das causas de incompatibilidade establecidas nesta convocatoria.

8. INCOMPATIBILIDADES

Estas axudas **serán compatibles** con calquera outra axuda ou bolsa de calquera organismo público ou privado, incluídas as propias da UDC.

9. RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DAS AXUDAS

A Comisión de Selección determinará publicar unha, dúas ou varias resolucións ao longo do curso académico. A resolución de concesión das axudas, cuxa publicación terá efectos de notificación, correspóndelle ao/á vicerreitor/a de Internacionalización e Cooperación.

Contra a devandita resolución poderase interpoñer recurso de alzada perante o/a reitor/a no prazo dun mes desde o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, tamén desde o día seguinte ao da súa publicación, ante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e 8 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Con cada nova resolución, a listaxe de espera irase actualizando, en virtude das circunstancias socioeconómicas das novas solicitudes.

10. RENUNCIA

A renuncia voluntaria deberá realizarse mediante un escrito presentado na Sede Electrónica da UDC (<https://sede.udc.gal>) dirixido á Oficina de Cooperación e Voluntariado. As renuncias aceptadas darán lugar á perda dos dereitos e á concesión da axuda á seguinte persoa da listaxe de agarda.

11. TRATAMENTO DOS DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

De acordo co artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos ou RXPD), e co artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informamos de que os datos que a persoa interesada facilite mediante a súa concorrencia a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da UDC, cuxos datos de contacto son: rúa da Maestranza 9, 15001 A Coruña, teléfono 981 167 000, correo electrónico: secretariaxeral@udc.gal.

A finalidade do tratamento destes datos é conceder axudas a estudantado refuxiado ou solicitante de protección internacional. Todas as persoas que tiveren acceso a estes datos coa citada finalidade cumprirán o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da LOPD. Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consente expresamente a publicación dos seus datos na resolución correspondente, no taboleiro de anuncios da Oficina de Cooperación e Voluntariado da UDC e nos seguintes enderezos web: www.udc.gal/ocv e <https://sede.udc.gal/>, na forma prevista na disposición adicional 7.^a da LOPD. A resolución desta convocatoria permanecerá publicada 30 días naturais e será responsabilidade do suxeito convocante retirala despois de vencer o prazo.

Os datos mencionados trátanse durante o tempo imprescindible para cumprir coa finalidade indicada nesta convocatoria, e conservaranse debidamente bloqueados para os efectos da posible existencia de responsabilidades legais.

A persoa interesada consente o tratamento dos datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, consentimento que terá dereito a retirar en calquera momento, sen efectos retroactivos. Tamén terá dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, a rectificación ou a supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Igualmente, terá dereito a se opor ao citado tratamento, ben como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos.

Estes dereitos poderaos exercer, destacadamente, a través do formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais que se pode cubrir na Sede Electrónica da UDC, na sección Outros trámites. Tamén pode remitir unha solicitude ao seguinte enderezo postal: Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa da Maestranza 9, 15001 A Coruña, ou ao correo electrónico secretariaxeral@udc.gal, coa referencia «Protección de datos», a través dun escrito asinado para o efecto, a que se lle xuntará a fotocopia do seu documento de identidade. Así mesmo, poderá dirixir esta solicitude directamente á persoa que sexa a delegada de Protección de Datos, ao mesmo enderezo postal antes indicado ou ao correo electrónico dpd@udc.gal. Igualmente, ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

Convocatoria de axudas a estudiantado refuxiado ou solicitante de protección internacional da Universidade da Coruña (itinerarios b e c)**ANEXO III. DATOS E CURRÍCULO DO ALUMNADO**

(En calquera das aliñas deste impreso poderá empregarse máis espazo se for preciso.)

1. BREVE CURRÍCULO DO ALUMNADO		
Datos persoais		
Primeiro apelido	Segundo apelido	Nome
Data de nacemento:	Nacionalidade:	DNI/NIE:
Domicilio: rúa, número e piso	Localidade e provincia:	Código postal:
Teléfono/s de contacto:	Enderezo de correo electrónico:	
Grao/mestrado/doutoramento para o que solicita a axuda		
Título académico		Curso
Idiomas		
Itinerario solicitado		
Itinerario A <input type="checkbox"/>	Itinerario B <input type="checkbox"/>	Itinerario C <input type="checkbox"/>
Axuda solicitada		
Matrícula e taxas <input type="checkbox"/>	Aloxamento <input type="checkbox"/>	Axuda económica <input type="checkbox"/>
Taxas de expedición do título <input type="checkbox"/>	Matrícula no Centro de Linguas <input type="checkbox"/>	
Situación legal administrativa		
Visado de estudos <input type="checkbox"/>	Outros <input type="checkbox"/>	



2. CARTA DE MOTIVACIÓN DO ALUMNADO